

## As revistas electrónicas

As revistas electrónicas son publicacións periódicas cuxa edición é dixital e en liña. A maioría das suscritas pola biblioteca están dispoñibles a texto completo, aínda que nalgúns casos o acceso está limitado a un período de datas concreto (a información das datas de acceso atópase na páxina de cada revista).

En canto á organización destas na web da biblioteca pódense distinguir:

- **Revistas electrónicas da colección dixital:** dá acceso e información aos portais dos editores de revistas contratadas, permite a busca por título ou por materia e ofrece guías e tutoriais de axuda.
- **Revistas en acceso aberto:** dá acceso e información aos portais dos editores, así como aos novos tipos de revistas en acceso aberto.

Tamén inclúese unha páxina de Revistas científicas en “Recursos de información--Outros recursos xerais”. Nela, máis que das revistas concretas accesibles a través da web da biblioteca, achégase información de referencia con ligazóns a listaxes de revistas internacionais, nacionais, de acceso aberto, indizadas na Web of Science, en Scopus, con factor de impacto, etc, na que incardinar a colección da UDC.

De especial mención é o apartado de Revistas científicas na UDC, con acceso ó [portal de revistas electrónicas UDC](#), no que se atopan todas as editadas en acceso aberto co Open Journal Systems (OJS) da UDC.

En resumen, as revistas electrónicas pódense consultar a través de:

- [Catálogo da biblioteca](#)
- [Buscador e listaxe alfabética de revistas electrónicas](#) a través de Pórtico, portal de acceso aos recursos electrónicos dos que dispón a biblioteca da UDC.
- [Ligazóns aos portais dos principais editores e plataformas](#)
- [Selección de portais de revistas en acceso aberto](#)